

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE XUSTIZA

8146 *REAL DECRETO 513/2005, de 9 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 355/2004, de 5 de marzo, polo que se regula o Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica.*

O apartado 8 do artigo 544 ter da Lei de Xuizamento Criminal, introducido pola Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica, establece a obriga de que a devandita orde de protección sexa notificada ás partes, e comunicada polo xuíz, mediante testemuño íntegro, á vítima e ás Administracións públicas competentes para a adopción de medidas de protección, sexan estas de seguridade ou de asistencia social, xurídica, sanitaria, psicolóxica ou de calquera outra índole, para o que regulamentariamente deberá establecerse un sistema integrado de coordinación administrativa que garanta a axilidade destas comunicacións.

Polo Real Decreto 355/2004, de 5 de marzo, regulouse o Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica, que estableceu un sistema de coordinación que estipula que os secretarios dos xulgados e tribunais deberán comunicar as ordes de protección das vítimas de violencia doméstica que se adopten e as súas respectivas solicitudes a aquel ou aqueles puntos de coordinación designados pola comunidade autónoma correspondente, que constituirán a canle única de notificación destas resolucións a centros, unidades, organismos e institucións competentes en materia de protección social en relación con estas vítimas.

A implantación dun sistema de comunicacións telemáticas aconsella que este modelo sexa substituído por outro máis integrado de coordinación administrativa, que elimine as duplicidades na transmisión dos datos e asegure unha información actualizada, áxil e veraz. Á vista das funcións que a lexislación asigna aos puntos de coordinación, parece incuestionable que esta tarefa se verá notablemente favorecida se existe, coordinadamente e coas limitacións que unha información tan sensible aconsella, un acceso directo á información contida no rexistro. Esta cesión, ademais, atópase amparada nos artigos 11.2.a) e 11.2.d) da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o primeiro en relación cos apartados 5 e 8 do artigo 544 ter da Lei de Xuizamento Criminal, na redacción dada a este pola Lei 27/2003, de 31 de xullo.

Noutra orde de cousas, as reformas operadas polo Real Decreto 1475/2004, de 18 de Xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Xustiza, unidas ao feito de que persiste a obriga dos secretarios xudiciais de comunicarles ao Rexistro central de penados e rebeldes as sentencias condenatorias firmes, fan innecesaria, por redundante, a comunicación dende o Rexistro central de protección das vítimas

da violencia doméstica ao Rexistro central de penados e rebeldes das sentencias firmes en materia de violencia doméstica á que se refire o artigo 5.2 do Real Decreto 355/2004, de 5 de marzo, e a necesaria axilidade na xestión procesual de xulgados e tribunais aconsellan ampliar o acceso á base de datos do rexistro a un funcionario especialmente designado ao efecto (actualmente este acceso se limita ao secretario xudicial), sen prexuízo da obriga do secretario de transmitir persoalmente a información que debe operar no rexistro. Idéntico significado debe darse á posibilidade non prevista ata o momento de que a transmisión dos datos poida realizarse directamente dende as aplicacións de xestión procesual, cando tecnicamente se encontre dispoñible esta opción.

Na súa virtude, a proposta do Ministerio de Xustiza, coa aprobación previa do Ministro de Administracións Públicas, consonte ao Consello de Estado e previa deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de maio de 2005,

DISPOÑO

Artigo único. *Modificación do Real Decreto 355/2004, de 5 de marzo, polo que se regula o Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica.*

O Real Decreto 355/2004, de 5 de marzo, polo que se regula o Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica, modifícase nos seguintes termos:

Un. O apartado 2 do artigo 2 queda redactado como segue:

“2. A finalidade do Rexistro central para a protección das vítimas da violencia doméstica é facilitarles aos órganos xudiciais da orde penal, aos da orde civil que puidesen coñecer dos procedementos de familia, aos xulgados de violencia sobre a muller, ao Ministerio Fiscal, á policía xudicial e ás Administracións públicas competentes a información necesaria para o exercicio das súas funcións xurisdiccionais e para a prestación dos servizos públicos dirixidos á protección das vítimas.”

Dous. Suprímese o apartado 2 do artigo 5, polo que o actual apartado 1 queda como apartado único.

Tres. O artigo 8 queda redactado nos seguintes termos:

“Artigo 8. *Acceso á información contida no Rexistro central.*

1. O acceso á información contida no Rexistro central quedará limitado aos suxeitos e finalidades seguintes:

Disposición final única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

Dado en Madrid, o 9 de maio de 2005.

JUAN CARLOS R.

O Ministro de Xustiza
JUAN FERNANDO LÓPEZ AGUILAR

a) Os órganos xudiciais da orde penal, os da orde civil que coñezan dos procedementos de familia e os xulgados de violencia sobre a muller poderán acceder á información que precisen para a tramitación de causas penais e civís, así como para a adopción, modificación, execución e seguimento de medidas de protección das devanditas vítimas, a través do correspondente secretario xudicial ou dun funcionario adscrito á oficina xudicial por el designado. En ningún caso esta designación afectará aos deberes e responsabilidades que os artigos 5 e 6 impoñen aos secretarios xudiciais.

b) O Ministerio Fiscal poderá acceder á información precisa para a tramitación de causas penais e civís, así como para a adopción, modificación, execución e seguimento de medidas de protección das devanditas vítimas, a través dos fiscais destinados nas fiscalías dos órganos xurisdicionais competentes.

c) O Ministerio Fiscal poderá acceder á información precisa para a tramitación de causas penais e civís, así como para a adopción, modificación, execución e seguimento de medidas de protección das devanditas vítimas, a través dos fiscais destinados nas fiscalías dos órganos xurisdicionais competentes.

d) As comunidades autónomas poderán acceder á información necesaria para garantir o efectivo cumprimento das medidas de protección, provisionais ou definitivas, adoptadas polos órganos xurisdicionais, a través do responsable designado en cada punto de coordinación a que se refire a disposición adicional primeira.

2. Corresponde ao encargado do Rexistro central a elaboración dunha relación actualizada de usuarios autorizados, con especificación dos datos a que poidan acceder.

3. O acceso aos datos do Rexistro central levarase a cabo telematicamente, mediante procedementos de identificación e autenticación. O sistema de acceso deberá deixar constancia da identidade dos usuarios que accedan, dos datos consultados, do momento de acceso e do motivo da consulta.

4. A Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza, no marco do Plan de Transparencia Xudicial, poderán elaborar estatísticas dos datos contidos no rexistro, eludindo toda referencia persoal na información e tendo en conta o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e as súas disposicións complementarias.»

Catro. A disposición adicional única pasa a ser a disposición adicional primeira e se engade unha disposición adicional segunda, coa seguinte redacción::

“Disposición adicional segunda *Transmisión automática de datos ao Rexistro central.*

Cando o desenvolvemento dos sistemas de xestión procesual o permita, o Ministerio de Xustiza poderá autorizar que a forma de comunicación telemática de datos ao Rexistro central se realice automaticamente dende os sistemas de xestión procesual, garantindo en todo caso a confidencialidade, autenticidade, veracidade e integridade da información. Nestes casos, o acceso dos usuarios ao rexistro terá perfiles de consulta.”